

unicef.es/educa

PASAPORTE DE HUMANIDADE

OS DEREITOS DOS NENOS E NENAS MIGRANTES E REFUXIADOS



unicef 

ACTIVIDADES E RECURSOS

Educación en derechos e ciudadanía global. Guía do curso 2016-2017

DATAS PARA PASAR Á ACCIÓN

Ao longo do curso propoñemos unha serie de datas clave para poder canalizar a solidariedade da comunidade educativa:

20 DE NOVEMBRO. DÍA DA INFANCIA



Momento para expresar o noso desexo de acollida a todos os nenos e nenas que buscan unha vida mellor. O pasaporte é un documento que nos dá acceso ou nos nega a entrada a outros lugares. Para converter a nosa clase nun lugar de acollida, crearemos entre todos un pasaporte que reforce o noso dereito á identidade, á cidadanía e á protección: un pasaporte para toda a clase que nos defina como cidadáns do mundo e que nos permita destacar o que nos une a outras persoas. Acolleremos a outros nenos e nenas no noso pasaporte! Descarga o modelo: www.unicef.es/educa

30 DE XANEIRO. DÍA DA PAZ



Oportunidade para manifestarnos en contra de todas as formas de violencia. Os conflitos e as guerras provocan que millóns de nenos e nenas teñan que fuxir, ás veces sen a protección da súa familia. Dedicaremos o Día da Paz a transmitirles o noso apoio. Este día é clave para manifestar a nosa empatía coas familias que foxen de conflitos en todo o mundo. O Día da Paz poderemos reivindicar os seus dereitos: www.unicef.es/educa

22 DE MARZO. DÍA DA AUGA



Na primavera poderemos mobilizarnos polo desenvolvemento sustentable e comprometernos solidariamente a través das carreiras de Gotas para Nixer.

As carreiras da auga permítenos saber máis sobre a importante relación que existe entre a auga e a educación mentres nos solidarizamos cos nenos e nenas nixerinos. As carreiras de Gotas para Nixer pódense correr, pasear ou gatear e ensínanos que axudar a outros pode ser divertido e educativo. Organiza unha carreira #GotasParaNiger para colaborar con UNICEF polo dereito á educación, a saúde e á auga en Nixer. Pon a túa gota! www.unicef.es/educa

A ACOLLIDA DESDE UN ENFOQUE EDUCATIVO

A necesidade de ter un lugar no mundo, de sentir a acollida, a protección e o respecto doutras persoas, de que se nos reciba cunha benvida alá onde vaíamos, de ter un fogar... é un sentimento que conecta co máis profundo do noso ser, en especial durante a nosa nenez. Esta necesidade de pertenza transfórmase en dereito cando falamos da infancia. Todos os nenos, nenas e adolescentes teñen dereito a un fogar, a poder estar coa súa familia, a recibir protección de institucións e gobernos, a gozar dunha contorna positiva onde poidan desenvolver as súas capacidades, á educación, á saúde... Onde queira que vivan, sexa cal for a súa procedencia e calquera que sexan as súas circunstancias. Os dereitos da infancia acompañan a cada neno ou nena alá onde vaia, por duro que sexa o camiño.

As noticias sobre os nenos e nenas que emprenden unha nova vida a miles de quilómetros do seu fogar familiar céntranse a miúdo nas cifras, na alerta ou nos datos máis rechamantes, sen avanzar cara a cuestións que permitan un razoamento máis profundo. Máis aló dos datos de actualidade e das informacións que recibimos a través dos medios sobre as situacións de migración e refuxio, é necesario facer unha reflexión educativa que permita ao noso alumnado conectar co mundo no que viven e entender o que ocorre desde unha perspectiva de desenvolvemento, cidadanía global e dereitos.

Nesta guía para docentes ofrecémosche ideas e ferramentas para poder abordar esta temática, adaptándoa a distintas idades e coa posibilidade de integrala en diferentes áreas curriculares. Tentamos responder a algunhas preguntas, xa sexan de natureza conceptual, de precisión terminolóxica, de aprendizaxe emocional ou de motivación á acción e servizo. Ademais abordamos cuestións clave, como a necesidade de lograr un equilibrio entre o dereito á información sobre cuestións relevantes e o dereito á protección fronte a imaxes ou realidades que poden ser dolorosas para o noso alumnado, así como a importancia de involucrar a toda a comunidade educativa nun compromiso pola innovación e a calidade educativa desde un enfoque global de educación en dereitos e cidadanía.



© UNICEF/UN012729/Georgiev

EDUCACIÓN INFANTIL

O refuxio, a protección, a sensación de seguridade e afecto son **alicerces básicos para o desenvolvemento emocional e cognitivo da infancia nesta etapa educativa**. Se fallamos en asegurarlles estes dereitos básicos, é posible que as súas oportunidades de desenvolvemento se vexan limitadas. Con todo, a esta idade, millóns de nenos e nenas en todo o mundo carecen da protección que ofrece un fogar estable e unha comunidade de pertenza porque tiveron que fuxir por desastres e conflitos ou empuxados pola necesidade e a falta de oportunidades. Como lograr que o noso alumnado poida empatizar con esta situación sen expoñelos a informacións que aínda son pequenos para asimilar? Ofrecémosche **claves para afrontar este reto**.

IDEAS PARA DESENVOLVER

- Todas as persoas necesitamos un fogar.
- Podemos necesitar deixar a nosa casa e mudarnos a outro barrio ou a outro país.
- A nosa nova casa será o noso fogar se nos sentimos protexidos e acollidos.
- Temos que protexer e acoller aos recentemente chegados, para que se sintan como na casa.
- Todos podemos necesitar refuxiarnos: da choiva, do frío ou do ruído, por exemplo.
- Cando alguén necesita refuxio, debemos prestarlle acubillo.

CONCEPTOS CLAVE

- Refuxio
- Axuda
- Acollida
- Protección
- Diferencia
- Convivencia
- Igualdade

E se a realidade é moi dura?

Os nenos e nenas teñen dereito a ser protexidos das informacións e materiais que poidan ser prexudiciais para o seu benestar (artigo 17 da Convención sobre os Dereitos do Neno), xa sexan escenas de violencia, imaxes desagradables ou situacións moi dramáticas. Ao mesmo tempo, a Convención afirma o dereito da infancia para poder formarse un xuízo propio sobre os asuntos que lle afectan, para o que necesitan recibir información (artigo 12). Conxugar estes dereitos na práctica non é complicado: podemos preparar educativamente aos nosos alumnos para poder asumir o peso das cousas boas e malas que aprenderán sobre o mundo, sen expoñelos aos perigos de contidos inadecuados para a súa idade.

A INFORMACIÓN AXÚDANOS A PROTEXERNOS



PERCEPCIÓN DO PERIGO

Para protexernos dun perigo, necesitamos coñecelo e percibilo. É un risco para a infancia non ter noción de perigo, pero se o risco non é real ou probable, desencadéase unha reacción emocional innecesaria.



RESPOSTA EMOCIONAL

A tensión permítenos actuar fronte a un risco. As reaccións poden variar moito dun neno ou nena a outro (nerviosismo, tristeza, ira, medo, mutismo...) e dependen das súas competencias emocionais e sociais, así como do contexto.



RESPOSTA CONDUCTUAL

A percepción de perigo e a tensión provocan diferentes condutas (fuxida, ataque, petición de axuda, negación, bloqueo...) A resposta que é adecuada nunha situación pode non selo noutra.



AFRONTAMIENTO E SEGURIDADE

As estratexias de afrontamiento axudan a nenos e nenas a facer fronte ao risco. Cando aprenden as estratexias máis adecuadas a cada situación de perigo e á súa capacidade de resposta, están e séntense máis seguros.



A CONVENCIÓN SOBRE OS DEREITOS DO NENO DI...

Os nenos e nenas teñen dereito a que se tomen medidas educativas para garantir a súa protección.



© UNICEF/JUN1197641/Gilbertson VII Photo

O poder educativo do conto


Para axudar aos nosos alumnos a protexerse fronte aos perigos e animalos a axudar aos outros, é importante poder facelo de maneira que lles acheguemos seguridade e poidan desenvolver a súa percepción de control e autoeficacia.

Os contos permiten aos nenos identificarse coas dificultades e emocións dos seus protagonistas protexéndoo do impacto emocional das historias reais. O uso da fantasía permítenos tratar temáticas delicadas, que non poderíamos abordar se recorrésemos a historias reais ou noticias.

Descobre máis sobre como falar de eventos trágicos con nenos e nenas na páx. 18 e 19.

Por que algunhas árbores conservan as súas follas no inverno?

Este conto popular sobre por que algunhas árbores perden as súas follas no outono pódenos servir para falar da acollida. Por que ás veces non axudamos aos demais? Por que debemos axudalos? Que senten as personaxes? A quen nos queremos parecer? Descárgao en www.unicef.es/educa



EDUCACIÓN PRIMARIA

A medida que os nenos e nenas de Educación Primaria evolucionan nas súas capacidades cognitivas, sociais e de razoamento ético, é posible tratar esta temática dun modo máis rico e complexo, que lles permita avanzar na súa competencia cidadá e social. É o momento de introducir cuestións sociais, históricas e normativas, de maneira acorde ao seu progresivo coñecemento do mundo e a sociedade como sistema. Ademais, podemos estimular o seu comportamento cooperativo e fortalecer o desenvolvemento de actitudes e condutas de participación, respecto mutuo e tolerancia. Un aspecto fundamental a ter en conta é o traballo na aula de actitudes de empatía e respecto, que ás veces poden quedar nun segundo plano e que son fundamentais para integrar emocionalmente o coñecemento que é posible abarcar nesta etapa educativa.

IDEAS PARA DESENVOLVER

- O mundo funciona como un sistema complexo: o que ocorre ten causas e consecuencias e pode estar relacionado con feitos aparentemente afastados.
- As persoas formamos parte da rede de relacións do mundo e temos influencia sobre o que pasa.
- Cooperando con outras persoas sentamos as bases dun mundo máis xusto.
- Todos os nenos e nenas podemos ter problemas nun momento dado e, independentemente das nosas circunstancias, temos dereito a recibir axuda.
- Temos a responsabilidade de dar a benvinda a outras persoas como nos gustaría recibila se estivésemos no seu lugar.

Empatía e solidariedade


É común confundir a verdadeira empatía ("que faría eu se fose esoutra persoa") cunha visión máis limitada baseada no pensamento "que faría eu se me pasase iso". Aínda que é natural que os nenos e nenas máis pequenos aínda non poidan poñerse no lugar doutra persoa, esta é unha competencia cuxa adquisición antes da adolescencia é crítica. Entender a outras persoas, as súas motivacións e as súas condutas, aínda que non se compartan, é fundamental para desenvolver outras competencias sociais e para poder desenvolverse nunha contorna complexa, multicultural e cambiante. Propoñémosche a seguinte guía para poder interpretar desde un punto de vista empático as historias de vida doutros nenos e nenas e as súas circunstancias.

Historias de vida

Propoñémosche unha serie de vídeos de animación que reflexen as historias reais de dous nenos e unha nena que tiveron que saír do seu país por culpa da violencia ou o conflito. Como lle daríamos un final feliz a esas historias? Podes atopar a guía de actividade en: www.unicef.es/educa

CONCEPTOS CLAVE

- | | |
|--------------------|---------------|
| • identidade | • acollida |
| • familia | • protección |
| • cooperación | • diferenza |
| • interdependencia | • convivencia |
| • refuxio | • equidade |
| • migración | |





QUE DI E QUE FAI?

Como se comporta?
Que podemos ver?
Que aspecto ten?

QUE PENSA E SENTE?

Que lle interesa?
Que lle preocupa?
A que aspira?



QUE ESCOITA?


Que din outros sobre el/ela?
Que lle inflúe?
Que ve nos medios?

Como é o seu entorno?
Que tipo de familia ten?
Quen son os seus amigos?



¿QUÉ VE?

QUE LLE FRUSTRA?



Que lle da medo?
Que obstáculos atopa?
Cales son as súas inseguridades?




QUE LLE MOTIVA?

Que lle gustaría facer?
Que precisa?
Cal é o seu soño?



EMPATÍA



A empatía é a chave que nos permite entender os sentimentos, as motivacións e as accións doutras persoas. Algunhas preguntas pódennos axudar a poñernos no seu lugar.

EDUCACIÓN SECUNDARIA

Ao chegar á adolescencia, o noso alumnado non só ten algo que dicir, senón que sente que tamén ten algo que facer fronte á situación doutros mozos e mozas que saíron do seu país e non atopan acollida. Podemos fomentar desde a escola as súas competencias cívicas e de transformación social, baseándonos na participación como ferramenta para fortalecer a súa capacidade de impulsar cambios positivos na súa contorna.

IDEAS PARA DESENVOLVER

- Os problemas mundiais teñen un impacto na nosa vida e nós temos un papel na súa solución: podemos descubrir como orientar as nosas capacidades para traballar na mellora do noso entorno.
- Os temas migratorios, de asilo e refuxio, como moitos outros problemas aos que nos enfrontamos, son ambiguos, complexos ou contraditorios. É necesario abordalos desde diferentes perspectivas, integrando os puntos de vista doutras persoas e traballando en equipo.
- Temos que ter en conta as interaccións entre diferentes dimensións dun problema: ademais da abordaxe lóxica ou racional, hai que considerar dimensións legais, técnicas, culturais, políticas, emocionais...
- As persoas tomamos decisións dentro dun contexto cultural, que é cambiante no tempo e no espazo.
- Os dereitos da infancia son universais: temos que atopar formas de garantir o seu cumprimento, a pesar das circunstancias cambiantes, as tensións sociais, as barreiras materiais, a ambigüidade e os baleiros legais.

CONCEPTOS CLAVE

- refuxio
- migración
- solidariedade
- inclusión
- dereitos
- xustiza social
- interdependencia
- convivencia
- equidade
- participación

Aprendizaxe-servizo

Propoñémosche que animes ao teu alumnado a deseñar proxectos que contribúan a unha mellor acollida da poboación migrante e refuxiada na vosa comunidade. Os proxectos de aprendizaxe e servizo son unha oportunidade para a implicación do centro educativo en cuestións importantes para a comunidade.



Creatividade e "emprendizaxe"

A emprendizaxe social é outra liña de traballo que pode desenvolverse en Secundaria e Bacharelato, así como en Formación Profesional (dentro do módulo "Empresa e iniciativa emprendedora"). A economía social, o emprendemento inclusivo ou os movementos cooperativos son áreas de traballo que permiten orientar a creatividade, os coñecementos e competencias dos estudantes ao servizo de proxectos que logren un beneficio social, na nosa comunidade ou noutros lugares do mundo. Estes proxectos poden desenvolverse desde distintas materias ou de modo multidisciplinar e poden motivar aos nosos alumnos e alumnas cara a desenvolvementos académicos e profesionais cun compoñente de innovación social.



Máis que palabras

O uso que facemos da linguaxe define a nosa realidade e o modo en que vemos o mundo e aos demais. Que hai detrás das palabras "refuxiado" e "migrante"? De onde veñen? Que significan? Como as usamos? Animámoste a converter a clase de lingua por un día nun espazo de reflexión sobre a linguaxe, o seu uso e a nosa capacidade para utilizalo como ferramenta de axuda. Descarga a presentación en: www.unicef.es/educa



PARTICIPA NA GOTAS PARA NÍXER



Participa nas carreiras 2016-2017.

Solicita os teus dorsais e organiza unha carreira solidaria por Níxer.

A campaña Gotas para Níxer contribúe a que os centros educativos apoién o traballo de protección dos dereitos da infancia en Níxer. A mobilización da comunidade educativa a través das carreiras de gotas e outras actividades logran cambios reais nas vidas dos nenos, nenas e adolescentes nixerinos. Gotas para Níxer iniciouse no curso 2008-2009 e, desde entón, contribuíu a dar a coñecer a importancia da auga como dereito humano básico e a súa relación coa supervivencia infantil. A través desta campaña, alumnos e alumnas de todas as idades puideron coñecer un pouco máis acerca de Níxer, achegando o seu gran de area, as súas gotas, para apoiar o traballo de UNICEF neste país africano. Máis información e recursos: www.unicef.es/educa



Acadado!

Máis de **100.000** participantes no curso 2015-2016
Obxectivo: **50** escolas dotadas de auga e saneamento



"A educación é o único que non poden quitarnos"

Actualmente Níxer enfróntase a unha dobre crise de desprazados internos e de refuxiados a consecuencia da seca, por unha banda, e o terrorismo, polo outro. Níxer acolle a refuxiados dos países veciños, e afronta un éxodo crecente desde as zonas rurais cara á capital ou mesmo a asentamentos próximos á principal estrada do país, onde as posibilidades de desenvolvemento son case nulas pero as familias desprazadas senten máis seguridade fronte aos ataques de Boko Haram.

UNICEF traballa en Níxer desde 1982, promovendo e defendendo os dereitos da infancia no país a través da cooperación ao desenvolvemento e a acción humanitaria. UNICEF, dentro da súa acción de emerxencia e axuda humanitaria no país, traballa para que os nenos e nenas refuxiados e desprazados internos poidan gozar dos seus dereitos, entre eles a educación. Aínda que sexa nunha tenda de campaña.



© UNICEF/UN016155/Cherkaoui

Refuxiada, pero non derrotada

Mariam, de 14 anos, sobreviviu a tres ataques de Boko Haram contra o seu pobo. Buscou refuxio en Níxer e axuda como voluntaria a adolescentes que, como ela, tiveron que fuxir. "Identifícome con eles. Cando reportan casos de abuso infantil ou de matrimonio precoz, asegúrome de que son atendidos." Un exemplo a seguir!

ATOPE O SUPERPODER DA SOLIDARIEDADE CON FREDO FOX



Fredo Fox é un viaxeiro curioso ao que lle gusta conversar con xente de todo o mundo. Nas súas viaxes con UNICEF descobre moitas cousas sobre a solidariedade e a cooperación ao desenvolvemento e, cando volve a casa, gústalle compartir o que aprendeu con nenos e nenas de todas as idades.

Como reporteiro intrépido que é, cre que é importante viaxar, a pesar dos perigos, a distancia e as dificultades, para falar en persoa cos nenos e nenas e cos adultos que lles axudan a lograr os seus dereitos. Todos teñen algo importante que dicir sobre os dereitos da infancia!

Na nova tempada de *Sempre hai que axudar*, Fredo achéganos á realidade da infancia que defende os seus dereitos camiñando cada día cara á escola, expresándose a través da música, xogando pola paz ou vivindo as tradicións do seu pobo.

Fredo vive moitas aventuras, aprende palabras noutros idiomas, dáse conta de cal é o almorzo que toman os bebés recen nados, aprende xogos que axudan



Queres que Fredo Fox visite o teu colexio?



Queres que Fredo visite o teu colexio para charlar e descubrir de forma divertida cousas sobre os dereitos da infancia? Falaremos de solidariedade, de dereitos e de como podemos implicarnos como cidadáns globais para que todos vivamos nun mundo mellor.

Un encontro que promove a participación infantil a través de vídeos, xogo, teatro e cuestións que convidan á reflexión. Faille un oco a **Fredo na túa aula este curso!**
www.unicef.es/educa

a construír a paz, atopa un tesouro, fala con personalidades que se converteron en embaixadores de boa vontade de UNICEF e convida a nenos e nenas a se converteren en **Súper Axentes dos Dereitos da Infancia**.

Todo isto contado dunha maneira divertida porque os máis novos son os protagonistas desta serie: Fredo pregúntalles polas súas experiencias, como pensan e como senten. Os vídeos van acompañados dunha ficha didáctica que permite falar na aula sobre os dereitos da infancia, sobre os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable e do papel que cada persoa ten como cidadán global para buscar solucións e comprometerse por un mundo mellor.

Máis información: www.unicef.es/educa



A EDUCACIÓN EN DEREITOS DA INFANCIA


Unha escola en dereitos...

- Axuda aos seus estudantes a comprender os seus dereitos, a poñelos en práctica, a respectar os dos demais e a defendelos e promocialos.
- Contribúe a fortalecer un clima de respecto e participación que involucra activamente a todas as actividades do centro.
- Colabora co entorno próximo do centro: as institucións, o barrio, o municipio, para o logro dun ámbito de protección da infancia para os seus estudantes, dentro e fóra da escola.
- Constrúe unha comunidade educativa activa e solidaria, orientada ao máximo desenvolvemento da infancia no centro educativo e en todo o mundo.

AUTOAVALIACIÓN

Un primeiro paso cara a unha escola en dereitos

Unha escola comprometida cos dereitos da infancia é un obxectivo alcanzable, pero pode parecer difícil comezar. Mediante a ferramenta inicial de autoavaliación é posible analizar desde diferentes puntos de vista a forma en que integrades os dereitos da infancia no voso centro. Ademais, o informe de resultados que xera a autoavaliación permitiravos consolidar propostas de mellora e elaborar un plan de acción. Inicia agora a autoavaliación en: www.unicef.es/educa



FORMACIÓN

O curso para profesorado "Educación en Dereitos" realízase ao longo do ano en colaboración con distintas universidades. O curso realízase en modalidade on-line, conta co recoñecemento oficial de 3 créditos de formación permanente do profesorado e equivale a 75 horas lectivas. Síguenos en Twitter ou Facebook para non perderes a próxima convocatoria:

 @unicef_edu  @unicef-educacion



GUÍAS para o profesorado

Xa se publicaron dúas guías para orientar a docentes e equipos directivos de centro na integración dos dereitos da infancia:

- Guía de autoavaliación
- Guía de integración curricular

Disponíbles en www.unicef.es/educa

BENEFICIOS DA EDUCACIÓN EN DEREITOS DA INFANCIA



Para os nenos, nenas e adolescentes

- O coñecemento dos seus dereitos permítelles protexelos.
- Desenvolven actitudes e valores que constrúen a competencia democrática e cidadá.
- Se empoderan para actuar positivamente na mellora da súa contorna.



Para docentes e centros educativos

- Pedagogía innovadora, interactiva e centrada no estudante.
- Apoio ao desenvolvemento do pensamento crítico, a resolución de conflitos e a empatía.
- Impulso á mellora do clima escolar, a través dunha cultura baseada no respecto e os dereitos.



Para familias e comunidades locais

- Participan do maior coñecemento dos nenos sobre dereitos e temas globais.
- Benefíciense dos avances comunicativos e actitudinais dos nenos e nenas.
- Benefíciense das iniciativas comunitarias postas en práctica por iniciativa xuvenil.



Para gobernos e institucións

- Contribúe ao logro dos compromisos en materia de dereitos humanos.
- Proporciona un marco sólido para enlazar distintas abordaxes de melloras educativas e curriculares.
- Contribúe aos esforzos por mellorar a calidade da educación.

DÚBIDAS?

Para calquera aclaración no proceso de implementación dun enfoque de educación en dereitos no PEC ou para solicitar gratuitamente a Guía de Autoavaliación en papel, podes escribir a: educacion@unicef.es



PASAPORTE DE HUMANIDADE

OS DEREITOS DOS NENOS E NENAS MIGRANTES E REFUXIADOS

Malak, 7 anos:

"A auga enchía o bote ata os meus xeonllos. Estaba sentada sobre o colo dun home e preocupada pola miña nai, porque sei o que lle doen as costas. Tiña medo de que o bote se partise pola metade e que afundísemos no mar e morrésemos. Eu estaba preocupada pola miña nai e miña nai estaba preocupada por min".



© UNICEF



UN CAMIÑO CHEO DE PERIGOS PARA A INFANCIA

Sesenta e cinco millóns de nenos, nenas e adolescentes de todo o mundo están en ruta, fuxindo de conflitos armados, da pobreza ou de desastres climáticos, buscando un sitio ao que chamar fogar e unha vida mellor. Atópanse entre as persoas máis vulnerables do planeta: son os nenos da fronteira.

Non é probable que esta cifra baixe co tempo. Tampouco é probable que estes nenos e nenas logren gozar dos seus dereitos sen un esforzo adicional por parte de toda a sociedade e institucións. Enfrontámonos a un dos maiores desafíos da nosa época.

Os nenos e as mulleres migrantes, especialmente os que viaxan indocumentados, son vulnerables ante a trata, o abuso e a explotación. Nos países de tránsito e de destino, os migrantes e as súas familias a miúdo se converten en vítimas de discriminación, pobreza e marxinación social.

UNICEF traballa sobre o terreo para garantir que os programas e as políticas en resposta a esta crise poñen os dereitos e necesidades de todos os nenos en primeiro lugar. Tamén está a traballar para ampliar a asistencia humanitaria necesaria nas rutas de refuxiados, incluíndo a provisión de auga e comida apropiada para cada idade, e o establecemento de espazos amigables, onde os nenos e nenas poden xogar e recibir apoio psicosocial e as mulleres poidan descansar e coidar dos seus bebés.

Ademais, UNICEF segue traballando nos lugares onde se desatan as causas deste éxodo: aínda hai millóns de persoas afectadas en situacións de conflito, desarraigamento, pobreza e subdesenvolvemento. UNICEF mantén o seu compromiso e o seu esforzo para avanzar na prestación de solucións de axuda humanitaria e desenvolvemento sustentable alí onde a infancia máis o necesita.

Nesta situación, os nenos son os máis vulnerables. Moitos viaxan coas súas familias, moitos outros o fan pola súa propia conta. Cada un deles está en necesidade de protección e merecen os dereitos garantidos pola Convención sobre os Dereitos do Neno.

ABORDAR A TRAXEDIA DESDE UN ENFOQUE DE PROTECCIÓN

A situación de millóns de nenos e nenas viaxando polo mundo en busca dun fogar é, máis que dramática, trágica. Para o noso alumnado, que se enfrenta ás súas historias a través dos medios de comunicación, as conversacións na rúa ou as campañas de apoio, coñecer os detalles do seu desarraigamento pode ser moi perturbador. Evitar os efectos negativos do coñecemento desta realidade e transformar os sentimentos iniciais nunha motivación para comprender e axudar aos demais, forma parte da nosa responsabilidade como educadores. Educadores e familia podemos axudar aos máis novos a facer fronte e dar sentido ás traxedias que suceden no mundo que os rodea.



© UNICEF/UN05568/Georgiev



• **Valida os seus sentimentos:** Permítelles expresar o que senten para que saiban que é natural sentir tristeza, ira, medo e outras emocións en resposta á violencia e a inxustiza. Axúdalles a adquirir habilidades para que poidan facer fronte ás súas emocións e asegúrate de que comprenden que están seguros na súa propia casa, a escola ou a comunidade.



• **Escoita primeiro:** Pídelles que conten o que saben acerca do que pasa, en lugar de facer suposicións acerca do seu nivel de comprensión. Convídaos a facer preguntas, escoita abertamente e toma as súas preguntas en serio.



• **Responde con franqueza:** Responde aos nenos de acordo ás súas preguntas e o que che din que queren saber. Ten en conta a súa idade ao responder e procura que a túa resposta sexa acougada, clara, concreta e directa. Permite que saiban que non téis todas as respostas a algunhas das súas preguntas, e usa isto como unha oportunidade para buscar respostas xuntos. Tamén é bo que os nenos e adolescentes entendan que algunhas preguntas non teñen resposta: cando se produce violencia sen sentido ou cando a xente fai cousas malas, é tan confuso para os adultos como para os nenos.



• **Fomenta a non violencia:** Fai fincapé en que a violencia nunca é unha solución, e que o desexo de vinganza e de represalia non son emocións construtivas. Fala cos mozos sobre alternativas non violentas para responder á violencia, e sobre a maneira de resolver problemas de maneira pacífica.



• **Evita as imaxes violentas e dramáticas:** Non profundices na traxedia e mantén aos nenos e nenas (especialmente aos máis pequenos) afastados da repetición de imaxes e historias perturbadoras que mostran os medios de comunicación. No seu lugar, diríxeos cara a historias e imaxes que amosen a solidariedade e o apoio da gran maioría de persoas do mundo. Permítelles participar en mostras de solidariedade para que sintan que están entre as persoas que se esforzan por mellorar as cousas.



• **Filtra a súa exposición aos medios:** Ademais de limitar a súa exposición aos medios, trata de acompañalos fronte á información mediática. Ver, escoitar e comentar con eles a actualidade axúdalles a dar sentido a mensaxes complexas e dispares, fortalecendo a súa alfabetización en medios e a súa capacidade de pensamento crítico.



• **Céntrate no importante:** En lugar de insistir nos aspectos sensacionalistas da historia, fomenta a aprendizaxe acerca dos problemas subxacentes, de maneira que poidan entender o mundo dunha maneira máis profunda e matizada.




• **Contrarresta o prexuízo e o odio:** Ten coidado para non perpetuar estereotipos ao falar de feitos que involucren a diferentes grupos culturais, relixiosos ou a persoas doutros lugares. Evidencia os rumbos que aparecen os medios de comunicación para que poidan identificalos e fortalece as súas habilidades para responder á intolerancia de maneira informada. Fai fincapé en que o prexuízo e a discriminación son negativos e aborda maneiras de actuar contra eles.

Adaptado de How to Talk with Children in the Aftermath of Violence, de UNICEF US Fund

CONFLITOS DO MILENIO


Cantas guerras houbo durante o comezo deste século? Dúas ou tres xa serían demasiadas, pero este gráfico amosa unha realidade aterradora. Detrás de cada un destes conflitos hai familias que perderon os seus fogares, a xente querida e que se viron obrigados a fuxir. Podes descargar o gráfico en www.unicef.es/educa



Cando comezou o século XXI varias guerras levaban anos arrasando as vidas de miles de persoas. Nas primeiras décadas deste milenio non melloraron as cousas e varios conflitos armados, insurxencias, guerrillas e crises diplomáticas están a arruinar as vidas de millóns de nenos e nenas, roubándolles os seus fogares, as súas familias, os seus dereitos e a súa infancia. Neste gráfico podes ver algúns dos conflitos máis e menos coñecidos do que levamos de século.


DESASTRES NATURAIS E ÁREAS DE RISCO

Os terremotos, os incendios, as inundacións, as secas poden acabar cos medios de vida dunha familia e obrigar aos seus membros a deixar atrás a súa casa para establecerse noutro lugar. Estas son as emerxencias naturais que maior número de afectados produciron no que vai de século. Podes descargar o mapa en www.unicef.es/educa



Desde que comezou o século XXI varios desastres naturais afectaron distintas zonas do planeta, deixando millóns de vítimas, persoas sen fogar, desprazadas, e refuxiadas, ademais de enormes danos económicos e ambientais. Os recadros sinalan os desastres de maior impacto deste século, mentres que as iconas e as liñas indican as zonas do planeta con maior risco de sufrir un desastre natural.

Terremoto Tsunami Ciclón, tifón, furacán Volcán Vaga de calor Seca



ERAN REFUXIADOS

Grandes autores, científicos e políticos foron migrantes, como Marie Curie, refuxiados, como Albert Einstein, ou fillos de inmigrantes, como Steve Jobs. Algúns saíron do seu país porque non podían desenvolver as súas ideas onde vivían, outros porque eran perseguidos polo seu traballo ou pola súa ideoloxía ou porque fuxían da guerra e a pobreza. Como sería agora o mundo se permanecesen no seu país de orixe?



PALABRAS QUE IMPORTAN

Descoñecer a terminoloxía relacionada cun tema, ás veces impídenos entendelo adecuadamente e afástanos do mesmo. Podes descargar o glosario de termos sobre migración e refuxio en www.unicef.es/educa

reasentamento
apátrida
emigración
fronteira
nacionalidad
desprazados
pasaporte
naturalización
refuxiado
fuga de cerebros
xenofobia

ARTE QUE AXUDA E QUE CURA

Artistas de todo o mundo tentaron provocar unha reflexión sobre a situación das persoas refuxiadas e migrantes: pintura, escultura, vídeo, baile, intervencións urbanas? A relevancia dalgúns destas obras serviron para captar a atención do público e para reforzar campañas de apoio e acollida. Do mesmo xeito, moitos nenos e nenas que viven en centros de refuxiados ou de acollida sérvense da expresión artística para se sobrepoñer emocionalmente. **Anima aos teus alumnos e alumnas a atopar formas de expresión que apoien á infancia refuxiada.**




O PODER DA NARRATIVA INFANTIL E XUVENIL

Varios libros de literatura infantil e xuvenil abordan cuestións de migración, refuxio, acollida, desarraigamento... de modo que poidan entender o punto de vista dos nenos e nenas que teñen que abandonar o seu país. Algúns exemplos:

#01



#02



#03



#04



#05



#06

- #01. **Cando Hitler roubou o coello rosa** (Judith Kerr). #02. **Akim corre** (Claude K. Dubois).
 #03. **No mar hai crocodilos** (Fabio Geda). #04. **Migrar** (José Manuel Mateo/Javier Martínez Pedro).
 #05. **O diario das caixas de fósforos** (Paul Fleischman). #06. **Chámome Yoon** (Helen Recorvits).



DATOS

O estudo dos datos, das cifras e das tendencias relacionadas cos refuxiados axúdanos a comprender mellor a situación mundial. Algunhas webs onde atopar estes datos:

- Datos históricos sobre refuxio de ACNUR: <https://data.unhcr.org/dataviz/>
- Poboación refuxiada por país de asilo (Banco mundial): <http://data.worldbank.org/indicator/sm.POPREFG>
- The refugee Project: <http://www.therefugeeproject.org/>
- Base de datos mundial de migracións (ONU): <https://esa.un.org/unmigration/>
- Estatísticas de migración internacional (MPI): <http://www.migrationpolicy.org/programs/data-hub/international-migration-statistics>
- Estatísticas sobre migración de Eurostat: http://ec.europa.eu/eurostat/statistics-explained/index.php/Migration_and_migrant_population_statistics

DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE E MOVEMENTOS DEMOGRÁFICOS



OBXECTIVOS MUNDIAIS
de Desenvolvemento Sostíbel

Aínda que non hai un obxectivo de desenvolvemento sustentable especificamente dedicado ás migracións, ao desprazamento e ao refuxio, esta é unha cuestión que está presente na axenda de desenvolvemento sustentable. Non será posible alcanzar os obxectivos de desenvolvemento expostos para 2030 se o mundo non aborda as realidades persoais, económicas, sociais e de dereitos humanos que se atopan tras as cifras demográficas e de movementos de poboación deste século. Como queremos que sexa o mundo en 2030? Que podemos facer para acadalo?

MIGRACIÓN, REFUXIO E ACOLLIDA DESDE UN ENFOQUE DE EPD

Os 5 conceptos chave da Educación para o Desenvolvemento (EPD) permítenos abordar esta temática desde diferentes puntos de vista. Propoñémosche algunhas preguntas para a reflexión.

XUSTIZA SOCIAL

- Que inequidades e inxustizas levan a algunhas persoas para cambiar de país?
- Os nosos dereitos humanos cambian ao viaxar a outro lugar?
- Respéctanse os dereitos dos nenos e nenas cando emigran?
- As inxustizas son inevitables? Como se poden evitar?

IMAXES E PERCEPCIÓNS

- Que imaxe temos das persoas que emigran?
- Facemos distincións entre migrantes e refuxiados segundo o seu país ou a súa clase social?
- Que estereotipos existen na nosa sociedade sobre as persoas doutros países? Son reais?

INTERDEPENDENCIA

- Como nos afecta o que pasa noutras partes do mundo?
- Que implicacións mundiais poden ter os problemas locais?
- As relacións entre países son equitativas?
- É realista pensar que o que ocorra noutros lugares non pode afectarnos?

CAMBIO E FUTURO

- Partindo da situación actual, que se pode facer?
- Cales son as necesidades máis urxentes?
- Que futuros alternativos se che ocorren segundo as decisións que se tomen?
- Que podemos elixir facer desde a nosa contorna e situación actual?

RESOLUCIÓN DE CONFLITOS

- Todas as persoas e grupos sociais están de acordo sobre como hai que abordar a migración e a acollida de refuxiados?
- Que conflitos de intereses cres que existen nesta situación?
- Cres que se pode chegar a acordos que beneficien a todos? Como o farías?

Edición

UNICEF Comité Español
www.unicef.es/educa

Deseño gráfico: Rex Media SL

Tradución ao galego: Marta Andrade e Lucía Fernández Cazás

ISBN: 978-84-942273-3-2

Ilustracións baseadas en orixinais de Freepik.com

Iconas e logotipo dos ODS: Trollbäck+Company / Project Everyone

Os materiais educativos, recursos e actividades sobre dereitos de infancia, desenvolvemento sustentable e cidadanía global forman parte do traballo en Educación en Dereitos e Cidadanía Global de UNICEF Comité Español, estando anteriormente publicados baixo a marca Enrédate e a web enredate.org. Os feitos e opinións aquí mostrados non representan necesariamente o punto de vista de UNICEF.

Os mapas utilizados están estilizados e non están feitos a escala. Non reflicten a posición de UNICEF sobre a situación legal de ningunha zona ou país, nin sobre a delimitación de fronteiras.

Esta publicación forma parte dun proxecto financiado pola Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID): "Promover o compromiso social co desenvolvemento e os dereitos da infancia desde o sistema educativo español". O contido desta publicación non reflicte necesariamente a opinión da AECID.

UNICEF promove os dereitos e o benestar de todos os nenos e nenas en todo o que facemos. Xunto aos nosos aliados, traballamos en 190 países e territorios para transformar este compromiso en accións prácticas, centrando especialmente os nosos esforzos en chegar aos nenos máis vulnerables e excluídos para o beneficio de todos os nenos, en todas partes.



Esta obra ten unha licenza Creative Commons Atribución-Non comercial-Non derivadas 4.0 Internacional, excepto nos contidos con noutro tipo de licenza definido.

OBXECTIVOS MUNDIAIS DE DESENVOLVEMENTO SOSTÍBEL



FINANCIA:



COLABORA:

unicef.es/educa

